

Inscrición no obradoiro a cargo de Pablo Carpintero

Xoves 21 ás 17:00 h. na Praza Maior¹ de Ponteareas

O próximo 21 de setembro as 17:00 h. celebrarase na Praza Maior de Ponteareas un obradoiro a cargo de Pablo Carpintero sobre a artesanía dos instrumentos da música tradicional galega. A duración do evento será de dúas horas, e seguiralle a presentación da *Revista Conmemorativa do Concurso de Gaitas do País de Ponteareas*, ás 20:00 h. no Auditorio Municipal. O obradoiro enmárcase así dentro dos demais actos celebrados ao longo da presente semana en torno ao Concurso de Gaitas do País de Ponteareas.

O obradoiro de Pablo Carpintero está pensado para incluír a participación da cidadanía no desenvolvemento do evento. Deste xeito, ata un máximo de 15 persoas poderán inscribirse no presente documento para participar no obradoiro, manufacturando pezas e aprendendo os pasos de confección dos instrumentos tradicionais da música galega.

Axunto ao presente documento, atopará un **modelo de inscrición que deberá achegar cuberto á Biblioteca Municipal de Ponteareas xunto coa fotocopia do DNI do interesado, antes do xoves 21**. A participación será en función da orde de chegada das inscricións ata acadar o máximo de 15 participantes. No canto de non completar o aforo sinalado, o propio día do obradoiro poderá participar calquera cidadán que se achegue ata acadar a cifra de 15 persoas.

¹ Celebrarase na Feira Vella en caso de chuvia.

INSCRICIÓN NO OBRADOIRO DE PABLO CARPINTERO

Nome do participante: _____

DNI: _____ Tlfn. de contacto: _____

Cubrir tamén en caso de ser menor de idade:

Nome do nai/ pai/ titor: _____

DNI do responsable: _____ Tlfn. de contacto: _____

O interesado manifesta desde xeito a súa vontade por participar no Obradoiro de música tradicional de Pablo Carpintero, que terá lugar na Praza Maior o vindeiro xoves 21 ás 17:00 h.

Deberá incluír fotocopia do DNI do participante (e do seu responsable en caso de ser menor de idade) xunto co presente documento debidamente cuberto e asinado na Biblioteca Municipal de Ponteareas.

Firma do interesado

Firma do representante do Concello
